



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS DO CONCELLO DE RIBADUMIA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

- Artigo 1.** Fundamentos legais
- Artigo 2.** Obxecto
- Artigo 3.** Ámbito de aplicación
- Artigo 4.** Definicións

TÍTULO II: XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS.

- Artigo 5.** Xestión da biomasa e limpeza de terreos
- Artigo 6.** Criterios para a xestión da biomasa e limpeza de terreos
- Artigo 7.** Réxime de autorización para cortas de arborado

TÍTULO III: PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS.

- Artigo 8.** Publicación de información
- Artigo 9.** Procedemento para a execución das obrigas
- Artigo 10.** Inicio do procedemento
- Artigo 11.** Resolución do procedemento
- Artigo 12.** Execución das actuacións
- Artigo 13.** Incumprimento das obrigas
- Artigo 14.** Execución subsidiaria
- Artigo 15.** Multas coercitivas para a execución das obrigas

TÍTULO IV: PLANTACIÓNS.

- Artigo 16.** Repoboacións forestais
- Artigo 17.** Especies prohibidas

TÍTULO V: RÉXIME SANCIONADOR.

- Artigo 18.** Infraccións



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

Artigo 19. Clasificación das infraccións

Artigo 20. Contía das sancións

Artigo 21. Competencia sancionadora

DISPOSICIÓNS.

Disposición Adicional

Disposición Transitoria

Disposición Derrogatoria

Disposición Derradeira

ANEXOS.

Anexo I. Especies pirófitas.

Anexo II. Especies de frondosas.

Anexo III. Modelo XB01 de comunicación previa de cortas de arborado en solo urbano e de núcleo rural.

ANEXO IV. Modelo XB02 de solicitude de xestión da biomasa e limpeza de terreos.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ribadumia por medio da presente ordenanza propónse a regulación da xestión da biomasa e limpeza de terreos no solo urbano e de núcleo rural, no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Fundamentos xurídicos

A presente ordenanza resulta de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante Lei 7/2012) e na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante Lei 3/2007), así como na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante RLSG).

Artigo 2. Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a regulación da xestión da biomasa no termo municipal do Concello de Ribadumia e dentro do seu ámbito competencial, nos termos definidos na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza será de aplicación para toda a superficie municipal situada no interior dos núcleos de poboación (solo de núcleo rural e solo urbano), así como naqueles terreos en solo rústico que se atopen a menos de 50 metros dos núcleos de poboación e das edificacións ou instalacións illadas, segundo establece o artigo 21 da Lei 3/2007.

Artigo 4. Definicións



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

Aos efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

- a) Solo urbano: terreos que o planeamento urbanístico (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadumia) tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no punto 2 da Disposición Transitoria Primeira da LSG.
- b) Núcleos rurais: terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadumia), de conformidade co disposto no punto 2 da Disposición Transitoria Primeira da LSG.
- c) Xestión da biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia de tal forma que se garanta o cumprimento das condicións mínimas de seguridade e salubridade legalmente esixibles así como a conservación dos valores naturais. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano ou de núcleo rural teñen unha natureza residencial ou habitacional, os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.
- d) Persoas responsables: persoas titulares dos terreos, ou no seu caso ao titulares de dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos e de núcleo rural, así como as persoas, administracións, entidades ou sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das modalidades previstas legalmente, das vías de comunicación, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural e estacións de telecomunicacións.

Aos efectos, considerarase persoas responsables as que figuren como titulares dos terreos no Catastro inmobiliario. No caso de que os terreos formen parte dun proceso de concentración parcelaria, con toma de posesión provisional dos terreos e sen acordo firme, considerarase como responsables dos terreos ás persoas que figuren la relación de fincas de reemprazo facilitada pola Consellería de Medio Rural.

- e) Terreo forestal: terreo que cumpre con algún dos criterios especificados no artigo 2 da Lei 7/2012.
- f) Zonas de influencia forestal: áreas estremeiras que abarcan una franxa circundante dos terreos forestais cunha anchura de 400 metros, excluindo o solo urbano e de núcleo rural.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

- g) Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.
- h) Rede de faixas de xestión de biomasa: o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.
- i) Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.
- j) Redes terciarias de faixas de xestión de biomasa: localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.
- k) Especies pirófitas: especies consideradas xeradoras ou potenciadoras dos riscos vencellados aos incendios forestais e que están incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (incluídas no Anexo I desta ordenanza).
- l) Especies frondosas: especies arbóreas autóctonas incluídas no Anexo II da Lei 7/2012 (incluídas no Anexo II desta ordenanza).

TÍTULO II: XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS.

Artigo 5. Xestión da biomasa e limpeza de terreos

1. As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das fincas incluídas en solo urbano ou de núcleo rural conforme aos criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

2. Co obxecto da preparación das campañas de prevención dos incendios forestais de cada ano, o concello de Ribadumia intensificará as súas accións de control da biomasa antes de que finalice o mes de xuño de cada ano.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

Artigo 6. Criterios de xestión da biomasa e limpeza de terreos

1. Nos terreos clasificados como solo urbano e solo de núcleo rural, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

- a) Non poderán existir exemplares das especies pirófitas, de acordo coa definición contida no artigo 3 da presente ordenanza, salvo que os exemplares posúan un especial valor natural ou ornamental ou que, por atoparse illado, non constitúa un risco significativo.
- b) Para o resto de especies arbóreas non contempladas no parágrafo anterior realizarase a poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non serán aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.
- c) Realizaranse rozas para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación. En ningún caso o estrato poderá superar unha altura de 1 metro.

2. Nos espazos definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do concello de Ribadumia, será obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa nunha franxa de 50 metros perimetral tanto arredor do solo urbano e de núcleo rural como das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte en solo rústico. Neste sentido, non poderá haber as especies sinaladas recollidas no Anexo I desta ordenanza.

As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse dende o límite das instalacións. No caso de cámpings, gasoleiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, as distancias para as especies sinaladas no Anexo 1 da presente ordenanza mediranse dende o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase dende o peche perimetral.

3. Ademais, tódolos terreos, con independencia da súa clasificación e posición respecto das faixas secundarias, deberán conservarse nas condicións legais para servir de



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, segundo establece o artigo 135 da LSG.

En particular, os propietarios de toda clase de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.

4. Trala realización dos traballos de xestión da biomasa e limpeza de terreos que resulten preceptivas, deberá executarse unha trituración dos restos in situ ou, pola contra, á súa retirada da parcela.

5. As redes secundarias de faixas de xestión da biomasa veñen definidas no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do concello de Ribadumia. A súa documentación gráfica está dispoñible no visor "*Faixas de protección contra incendios forestais*" da Xunta de Galicia (<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>).

Artigo 7. Réxime de autorización para cortas de arborado

1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais que desexen realizar neles aproveitamentos da madeira ou leña deberán presentar declaración responsable ou, segundo o caso, solicitar autorización, ante o órgano autonómico competente en materia forestal, de conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 7/2012.

2. Cando se pretenda realizar a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística ou, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, deberá solicitarse a correspondente licenza ante o concello, segundo establece o artigo 142 da LSG.

3. Nos restantes casos, as persoas responsables deberán presentar no rexistro do concello unha comunicación previa (segundo o modelo do Anexo III), cunha antelación de 15 días hábiles respecto á execución da corta, sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos.

4. A corta de arboredo quedará exenta do pago do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras.

TÍTULO III: PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

Artigo 8. Publicación de información

1. O concello de Ribadumia publicará no primeiro trimestre de cada ano, no taboleiro de anuncios, un bando informativo no que se expoñerán as obrigas en xestión da biomasa e limpeza de terreos dos seus propietarios.

Artigo 9. Procedemento para a execución das obrigas

1. As persoas responsables deberán executar a xestión da biomasa e limpeza de terreos nas seus parcelas, de acordo co establecido no artigo 6 desta ordenanza, durante todo o ano.

2. O concello en calquera momento do ano poderá dar inicio á instrución do procedemento, para dar cumprimento ás obrigas establecidas pola presente ordenanza.

Artigo 10. Inicio do procedemento

1. Os servizos técnicos municipais, así como calquera cidadán, poderán poñer en coñecemento a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa mediante a presentación no rexistro do concello da correspondente instancia.

Ao efecto, as instancias deberán identificar axeitadamente a/s parcela/s, aportando referencia catastral ou número da finca de reemprazo de concentración parcelaria, así como acompañar reportaxe fotográfico da/s mesma/s.

2. Unha vez presentada a instancia, o órgano instrutor emitirá unha providencia de inicio na que será solicitado un informe técnico de comprobación, do estado da/s parcela/s, no que se determinará a necesidade de ordenar a execución das actuacións de xestión de biomasa ou, pola contra, o arquivo do expediente, analizando así mesmo dos antecedentes previos de incumprimento das obrigas na/s parcela/s en caso de existiren.

3. Se as conclusións do informe técnico ditaminan que a/s parcela/s obxecto do procedemento incumpre/n efectivamente as obrigas de xestión da biomasa, o órgano instrutor procederá á incoación do procedemento para a execución das actuacións.

Artigo 11. Resolución do procedemento

1. Trala incoación do expediente procederase á emisión da orde de execución, que será notificada á persoa responsable, de xeito íntegro, nun prazo inferior a 10 días á



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

data de emisión.

2. No caso de que a persoa responsable sexa descoñecida, non posúa domicilio de notificación coñecido, ou a notificación a esta non se poida facer efectiva, o concello levará a cabo a notificación mediante a súa publicación no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, así como no taboleiro de anuncios do concello.

Artigo 12. Execución das actuacións

1. O prazo xeral para a execución das actuacións de xestión de biomasa e limpeza de terreos é de 15 días naturais, contado dende o día seguinte á data de recepción da notificación por parte da persoa identificada como responsable dos terreos ou, no seu caso, dende o día seguinte ao da data de publicación da notificación no Boletín Oficial do Estado.

2. Unha vez transcorrido ese prazo, os servizos técnicos municipais poderán visitar a/s parcela/s obxecto do procedemento e, mediante a redacción do correspondente informe técnico de comprobación da realización da orde de execución, constatar o cumprimento ou incumprimento da execución ordenada.

3. Se o devandito informe técnico conclúe que as actuacións ordenadas foron executadas nos termos esixidos na orde de execución, poderá procederse ao arquivo do expediente. En caso contrario, procederase segundo se indica no artigo seguinte.

Artigo 13. Incumprimento das obrigas

1. No caso de que o informe técnico de comprobación da realización da orde de execución, conclúa que as actuacións ordenadas non foron executadas, ordenarase a execución subsidiaria das actuacións.

2. Cando o incumprimento das obrigas de xestión da biomasa afecte ás redes secundarias de faixas, porase en coñecemento do correspondente servizo da xefatura territorial da Xunta de Galicia, aos efectos de que poida iniciarse o correspondente procedemento sancionador.

Artigo 14. Execución subsidiaria

1. O concello poderá optar entre a contratación do servizo de execución subsidiaria e a execución con medios municipais. Neste último caso, os custos para liquidar finalmente serán estimados polos servizos técnicos municipais.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

2. Tras a execución subsidiaria das actuacións de xestión de biomasa procederase á liquidación final, previo informe técnico de comprobación da efectiva realización da orde.

3. No caso de non ser posible a liquidación final dos custos da execución subsidiaria, por ser a persoa responsable descoñecida, comunicarase este feito ao correspondente servizo da xefatura territorial da Xunta de Galicia, podendo dar comezo a un procedemento de expropiación forzosa da parcela obxecto do expediente, en caso de exceder o importe para liquidar o valor catastral desta.

Artigo 15. Multas coercitivas para a execución das obrigas

1. Cando a apertura dun novo procedemento, respecto de parcela/s para a/s cal/es se ten incoado un procedemento nos últimos catro anos, por terse detectado incumprimentos das obrigas, procederase á imposición de multas coercitivas reiteradas cada tres meses por valor de 900 euros por hectárea ou fracción afectada, cunha contía mínima de 200 euros.

2. Trala aplicación de dúas multas coercitivas, sen que se teñan executado as obrigas de xestión da biomasa, procederase á execución subsidiaria segundo se establece no artigo 14 da presente ordenanza, todo elo previo informe técnico de comprobación.

3. Para a imposición das multas coercitivas, terase en conta un prazo de 6 meses dende a notificación á persoa responsable da execución da xestión da biomasa e a posta en coñecemento dun novo incumprimento da mesma.

TÍTULO IV: PLANTACIÓNS.

Artigo 16. Repoboacións forestais

1. Con carácter xeral serán de aplicación as condicións para as repoboacións forestais incluídas no artigo 67 da Lei 7/2012.

2. A maiores do anterior, non se permitirá executar novas repoboacións forestais en solo urbano ou de núcleo rural nas especies arbóreas pirófitas incluídas no Anexo I.

Artigo 17. Especies prohibidas

1. Non está permitida a plantación de exemplares de especies arbóreas pirófitas



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

(incluídas no Anexo I), en solo urbano, de núcleo rural ou nos terreos afectados polas redes secundarias de xestión da biomasa en solo rústico, salvo que os exemplares se implanten con finalidade ornamental ou que, por atoparse illados, non constitúan un risco significativo.

TÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 18. Infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

Artigo 19. Clasificación das infraccións

1. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
2. Constitúe infracción leve:
 - a) As condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.
 - b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.
3. Constitúe infracción grave:
 - a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.
 - b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos.
 - c) A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.
 - d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.
 - e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

- f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

4. Constitúe infracción moi grave:

- a) Cando houberse grave repercusión nos recursos naturais.
- b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.
- c) A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 20. Contía das sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.
- b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grado de intencionalidade.
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Natureza dos prexuízos causados.

Artigo 21. Competencia sancionadora

1. A competencia para iniciar e instruír o procedemento sancionador por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal nas redes secundarias de faixas pertence unicamente á Xunta de Galicia.

2. A competencia para iniciar e instruír o procedemento sancionador por infraccións no interior dos núcleos de poboación pertence á Administración local.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

3. No suposto do parágrafo anterior, a competencia para resolver os procedementos sancionadores pola comisión de infraccións leves e graves pertence á persoa titular da Alcaldía, mentres que no caso da comisión de infraccións moi graves pertencerá ao Pleno municipal.

DISPOSICIÓN.

Disposición Adicional

Como Anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas da disposición adicional 3ª da Lei 3/2007 e como Anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas do Anexo I da Lei 7/2012.

Disposición Transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor á regulada no artigo 16, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición Derrogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente ordenanza.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

ANEXOS.

ANEXO I. Especies pirófitas.

Relación de especies recollidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007, de 28 de xuño, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

- Piñeiro do país, piñeiro galego: *Pinus pinaster* Ait.
- Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- Piñeiro de Monterrey: *Pinus radiata* D.
- Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii* Mirb.
- Mimosa: *Acacia dealbata* Link.
- Acacia negra: *Acacia melanoxylon* R. Br.
- Eucalipto: *Eucalyptus* sp.
- Queiruga: *Calluna vulgaris* (L.) Hull
- Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum* L.
- Xesta: *Cytisus* spp.
- Uz, carpaza: *Erica* spp.
- Xesta, piorno: *Genista* spp.
- Fento: *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn
- Silva: *Rubus* sp.
- Toxo: *Ulex europaeus* L.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de que se traten de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopan illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

ANEXO II. Especies de frondosas.

Relación de especies de frondosas recollidas no Anexo I da Lei 7/2012, de 9 de abril, de montes de Galicia:

- Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.
- Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.
- Bidueiro: *Betula* sp.
- Freixo: *Fraxinus excelsior* L.
- Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.
- Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.
- Castiñeiro híbrido: *Castanea* x híbrida (resistente tinta)
- Cerdeira: *Prunus avium* L.
- Carballo: *Quercus robur* L.



Concello de Ribadumia

(Pontevedra)

- Cerquiño: *Quercus pirenaica* Will.
- Sobreira: *Quercus suber* L.
- Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.
- Aciñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.
- *Quercus rotundifolia* Lam.
- Abeleira: *Corylus avellana* L.
- Faia: *Fagus sylvatica* L.
- Umeiro: *Ulmus glabra* Huds., *Ulmus minor* Miller.
- Loureiro: *Laurus nobilis* L.
- Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.
- Capudre: *Sorbus aucuparia* L.
- Nogueira: *Juglans regia* L.
- Érbedo: *Arbutus unedo* L.

ANEXO III. Modelo XB01 de comunicación previa de cortas de arborado en solo urbano e de núcleo rural.

ANEXO IV. Modelo XB02 de solicitude de xestión da biomasa e limpeza de terreos.



XB01 COMUNICACIÓN PREVIA DE CORTA DE ARBOREDO

INTERESADO	NOME E APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		DNI ou CIF:
	ENDEREZO:	CONCELLO:	PROVINCIA:
	CODIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

REPRESENTANTE	NOME E APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		DNI ou CIF:
	ENDEREZO:	CONCELLO:	PROVINCIA:
	CODIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DECLARO que son certos os datos consignados no presente formulario e autorizo ao Concello de Ribadumia para que os meus datos e os das persoas relacionadas no mesmo poidan ser consultados, cotexados e verificados.

AUTORIZO que o Concello de Ribadumia responda a esta comunicación (seleccione unha)

POSTAL

TELEMÁTICO

DATOS PARA A TRAMITACIÓN

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓN:	
SITUACIÓN:	REFERENCIA CASTAstral:
DATA PREVISTA PARA O INICIO DAS ACTUACIÓN (*):	DATA PREVISTA PARA O REMATE DAS ACTUACIÓN:
<p>1. No caso de monte ou terreos forestais, as persoas propietarias deberán presentar declaración responsable ou, segundo o caso, solicitar autorización, ante o órgano autonómico competente en materia forestal, de conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 7/2012.</p> <p>2. Cando se pretenda realizar a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística ou, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, deberá solicitarse a correspondente licenza ante o concello, segundo establece o artigo 142 da Lei 2/2016.</p>	

(*) A presentación da comunicación previa de obras realízase cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data na que se pretenda comezar a súa execución.

A persoa interesada (ou representante de ser o caso) **MANIFESTA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que:

1. Son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na presente comunicación e documentación que se anexa.
2. As actuacións que se detallan nesta comunicación previa cumpren coa ordenación urbanística e sectorial de aplicación neste Concello, e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
3. Se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio das actuacións, así como as concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra Administración Pública.

DATA DE PRESENTACIÓN	SINATURA DO INTERESADO
----------------------	------------------------

SR./SRA. ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBADUMIA



XB02 SOLICITUDE XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DE TERREOS

INTERESADO	NOME E APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		DNI ou CIF:
	ENDEREZO:	CONCELLO:	PROVINCIA:
	CODIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

REPRESENTANTE	NOME E APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		DNI ou CIF:
	ENDEREZO:	CONCELLO:	PROVINCIA:
	CODIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DECLARO que son certos os datos consignados no presente formulario e autorizo ao Concello de Ribadumia para que os meus datos e os das persoas relacionadas no mesmo poidan ser consultados, cotexados e verificados.

AUTORIZO que o Concello de Ribadumia responda a esta comunicación (seleccione unha)

POSTAL

TELEMÁTICO

DATOS PARA A TRAMITACIÓN

DESCRIPCIÓN DO SOLICITADO:	
REFERENCIA CASTAstral DA PARCELA AFECTADA:	DOCUMENTACIÓN A APORTAR: <input type="checkbox"/> Reportaxe fotográfica
REFERENCIA CASTAstral DA/S PARCELA/S SOBRE AS QUE SE SOLICITA ACTUAR:	

A persoa solicitante (ou representante de ser o caso) **DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e, en todo caso, que son certos todos os datos recollidos neste impreso e que achega toda a documentación preceptiva, **REQUERINDO** ao concello que proceda á tramitación do indicado.

DATA	SINATURA
------	----------

SR./SRA. ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBADUMIA